

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com/join/335732835463?p=U2YI93A24IRxDoBem3		
Data:	09/04/2025	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (10-03-2025)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 10/03/2025.

2. CEO

Toma a palabra Jorge Piñeiro para expoñer diversos aspectos relacionados coa creación dos equipos de relevo, facendo fincapé na importancia dunha planificación coordinada. Así mesmo, sinala algúns criterios a ter en conta para a composición dos novos equipos.

3. CECEO

Toma a palabra a presidenta para indicar que as diferentes probas deste campionato terán lugar en Pontevedra e nas súas proximidades, concretamente no Lago Castiñeiras, na Illa das Esculturas e na Alameda de Pontevedra. Engade, ademais, que se aproveitará esta ocasión para realizar un adestramento de tecnificación nos mesmos emprazamentos, co obxectivo de mellorar a preparación técnica das e dos participantes.

4. CESA

Intervén a presidenta para informar que, ata este momento, hai nove comunidades autónomas que confirmaron a súa asistencia ao campionato, aínda que sinala que existen polo menos cinco que aínda non fixeron a correspondente reserva. Estímase unha participación duns 300 asistentes, incluíndo tamén o persoal monitor.

Engade que a Secretaría Xeral para o Deporte concedeu unha achega de 12.000 euros en concepto de patrocinio do Campionato de España de Centros Escolares de Orientación.

En relación cos mapas, indica que xa se conta con todas as autorizacións necesarias das comunidades de

montes para a realización das probas, así como as autorizacións correspondentes da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Informa tamén que a cada persoa colaboradora se lle entregará, como agasallo, un polo e un sudadoiro, e que Claudia é a persoa responsable da coordinación loxística do evento.

Finalmente, Jorge propón a Luís Nogueira para realizar as probas dos distintos percorridos do campionato.

5. Aprobación, se procede, do Regulamento de licencias de federados

Intervén a presidenta para indicar que se realizaron modificacións respecto ao documento inicial, especialmente tendo en conta as achegas realizadas desde a FEDO, polo que o documento definitivo estaría xa rematado e preparado para ser enviado á Secretaría Xeral. Procédese á súa votación para a aprobación, sendo aprobado por unanimidade polos/as asistentes.

6. Aprobación, se procede, do Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte

Intervén a presidenta para facer un breve resumo do contido do protocolo, explicando os seus principais obxectivos e ámbitos de aplicación no contexto deportivo.

Acto seguido, intervén Jorge para matizar que, no texto do documento, onde figura a palabra “club” debería figurar “federación”, corrección que se incorpora de inmediato ao documento.

Unha vez realizada esta modificación, procédese á votación, sendo aprobado o *Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte* por unanimidade.

7. Rogos e preguntas

Non se formulan rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 22:45 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.